



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 545381 Fax: 981 541987



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA
4969 23.03.2010 10:11


	Plaz. Maruja Mallo 1-1º T. 981 26 01 17 Fax 981 26 01 47 36306 - VIGO
REXISTRO	
ENTRADA N.º	428
SAIDA N.º	
DATA	30-3-10

ASUNTO: Remisión de informe sobre a viabilidade das alternativas de conexión exterior de abastecemento e saneamento propostas para o Polígono industrial de A Pasaxe.

En contestación a súa solicitude, achegamos informe do servizo de Planificación Hidrolóxica sobre a viabilidade das alternativas de conexión exterior de abastecemento e saneamento propostas para o polígono industrial de A Pasaxe e sobre as restricións de usos para os solos afectados pola lámina de asolagamento de T-100 e T=500 anos, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2010

O subdirector xeral de Programación e Proxectos



Roberto Arias Sánchez

**XESTUR PONTEVEDRA
PRAZA DE MARUJA MALLO 1-1º
36306 – VIGO
PONTEVEDRA**



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA
Subdirección Xeral de Programación e
Proxectos



Praza de Camilo Díaz Ballo, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544551

REGISTRO
ENTRADA N.º 428
SAIDA N.º
DATA 30-3-10

INFORME DE PLANIFICACIÓN E PROGAMACIÓN HIDROLÓXICA

ASUNTO: INFORME SOBRE A VIABILIDADE DAS ALTERNATIVAS DE CONEXIÓN EXTERIOR DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO PROPOSTAS PARA O POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE E SOBRE A RESTRICIÓN DE USOS PARA OS SOLOS AFECTADOS POLA LÁMINA DE ASOLAGAMENTO DE T=100 E T=500 ANOS

PETICIONARIO: XESTUR PONTEVEDRA

Vista a documentación achegada por Xestur Pontevedra, para realizar o informe sobre a viabilidade das alternativas de conexión exterior de abastecemento e saneamento propostas e sobre a restrición de usos para os solos afectados polas láminas de inundación de T=100 anos e T=500 anos. Desde o punto de vista da planificación hidrolóxica informase que:

ABASTECIMENTO:

No informe achegado propóñense unhas dotacións para o abastecemento o polígono de 0,15 l/s/ha para as empresas xa implantadas e de 0,25 l/s/ha para as zonas de nova implantación. Sinalar que estas dotacións son as recollidas nas Instrucións Técnicas para Obras Hidráulica en Galicia.

Dende o Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica, está dotación considerase axeitada, sempre que no futuro polígono non se instalen, industrias que sexan grandes consumidoras de auga.

Con respecto ao abastecemento de tipo industrial, o Plan Hidrolóxico Galicia Costa -PHGC- establece unhas dotacións de deseño en función do tipo de industrias que teñan previsto instalarse. Xúntase, neste senso, unha copia dos artigos 2.7 e 2.8.

Xa que segundo a documentación achegada non e posible a conexión a rede municipal de abastecemento, proponse como alternativa para o abastecemento ao polígono o establecemento dun punto de captación no río Zamáns (codificado no PHGC como 311006) e na construción dun depósito de cabeceira nun emprazamento próximo ao ámbito e situado a unha cota elevada para poder garantir o subministro de auga potable mediante gravidade e que leve a cabo automaticamente a regulación necesaria.

A partir da dotacións estimadas e da superficie do polígono do polígono, o caudal demandado para poder abastecer ao mesmo e de 10,57 l/s.

O punto de captación localízase no río Zamáns na UCO R-19-01, Baiona, analizados os recursos da conca vertente ao punto de captación, o caudal solicitado é compatible (10,57 l/s) co recurso existente. Achegase a estimación de recurso realizada polo servizo de planificación e programación hidrolóxica.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
AUGAS DE GALICIA
Subdirección Xeral de Programación e
Proxectos



Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544551

Dende o punto de vista da planificación hidrolóxica considerase que a proposta formulada e axeitada, xa que proponse un sistema de depuración propio e os punto de vertido localizáranse augas abaixo do punto de captación.

O punto de vertido concreto resolverase no momento da tramitación do correspondente expediente de vertido.

Lembrar a prohibición expresa de realizar calquera vertido, directo ou indirecto, fora da rede de saneamento municipal (no caso de que exista) agás autorización expresa da administración hidráulica.

ZONAS ASOLAGABLES:

Dado que calquera obra a realizar na zona de policía e servidume de leitos, deberá contar coa autorización expresa do Organismo de Conca, e xa que unha parte do ámbito de estudo, incluídas algunhas das edificacións existentes, están en zona asolagable, deberá presentarse o estudo de zonas asolagables no momento procesual oportuno no Servizo Territorial Zona Galicia Sur, de cara á tramitación da autorización ou non das actuacións en zona asolagable.

Os criterios seguidos no estudo de asolagamento, en canto ao estudo hidrolóxico, cumpren os criterios mínimos esixidos polo Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica, pero deben terse en conta os seguintes aspectos para o estudo hidráulico:

- o A modelización presentada non recolle a modificación xerada polas edificacións existentes nas chairas de inundación, polo que estas deberán terse en conta.
- o O estudo representa o estado da zona despois das obras, en concreto, tívose en conta o derrubo da obra de drenaxe transversal existente no P.K: 873.3 e substituíuse por un muro vertical de formigón de 41,3 ml. Para unha mellora do estudo presentado, será necesario incluír unha modelización antes das obras, para analizar a variación do comportamento hidráulico do río coas obras a realizarse.
- o Será necesaria a delimitación da Zona de Fluxo Preferente, segundo vén definida no RD 9/2008, polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico.




Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2010

O subdirector xeral de Programación e Proxectos

Roberto Arias Sánchez



XACOBEO 2010
Galicia



Plano nº 1: análise do recurso existente